



Dna. María Chao Martínez, como voceira do Grupo político municipal Xunt@s por As Pontes, e ao abeiro da normativa vixente, presenta para o debate e aprobación no Pleno a seguinte **MOCIÓN** para

## **A CREACIÓN DUNHA REDE VECIÑAL DE PUNTOS SEGUROS CONTRA DAS VIOLENCIAS E DE APOIO E SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos 14 anos producíronse en España máis de 1000 asasinatos de mulleres a mans das súas parellas e exparellas. So no 2015 denunciáronse máis de 9000 agresións sexuais. A data 1 de novembro de 2018 xa se produciron 87 feminicidios e asasinatos<sup>1</sup>, dos cales 43 mulleres recoñecidas de xeito oficial como violencia de xénero e 9 menores.

Segundo as últimas estatísticas de VioGén<sup>2</sup> (Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero) correspondentes con setembro de 2018, en Galicia hai actualmente 26.801 vítimas das violencias machistas. Dos 3.414 casos en activo, é dicir, que requiren de atención policial con diferente grado de aplicación (dende un seguimento e revisión ata medidas de protección en función do risco), 1.496 casos están na Provincia da Coruña.

Ante esta situación, e sendo conscientes que moitas das mulleres afectadas polas violencias machistas non contan coa información suficiente nin os apoios sociais e redes de acompañamento precisas para atreverse a dar o paso a denunciar nin para continuar coa súa vida unha vez interposta a denuncia, cremos que é o noso deber como veciñas e como institución implicarnos de xeito máis visible, efectivo e responsable na axuda ás vítimas.

---

<sup>1</sup> Datos recollidos na web [femicidios.net](http://femicidios.net)

<sup>2</sup> Pode consultarse no seguinte enderezo web:

<http://www.interior.gob.es/documents/642012/8312985/Datos+estad%C3%ADsticos+30.09.2018.pdf/a3d1eaaf-4642-437b-b4ce-f2ce1f92580d>



Seguindo a liña que xa abrimos no 2017 de adhesión á campaña “En Negro Contra As Violencias”, unha campaña de sensibilización social contra das violencias machistas; dende Xuntas por As Pontes cremos que é necesario dar un paso máis. E consideramos acertado o modelo que se está aplicando noutros concellos coma o de **Ribadumia, no que se ven de crear unha rede cidadá de puntos seguros contra das violencias, de apoio e solidariedade coas vítimas**<sup>3</sup>.

O programa “CONTA COMIGO Ribadumia” forma a persoas voluntarias para poder constituir unha rede veciñal que se comprometa persoal e socialmente contra das violencias machistas dende unha perspectiva positiva, destacando o apoio e a solidariedade coas vítimas. Un plan que dende o seu inicio, fai pouco menos dun ano, xa conta co 90% dos establecementos da localidade adheridos.

O programa traballa para:

- Que toda muller que sofra violencias sinta que conta con apoio social;
- Ofrecer información sobre os recursos existentes de axuda e apoio ás vítimas, e tamén ofrecer recursos para prevención destas violencias.
- Favorecer a implicación da veciñanza na loita contra das violencias machistas e implementar medidas para o acompañamento e a sororidade.

O respaldo veciñal focalízase na muller, crianzas, colectivo LGBTQI que sofra violencias na parella ou fóra da parella, tratando tamén outro tipo de agresións como acoso, agresións sexuais, etc.

O obxectivo do programa é a formación da veciñanza e das persoas que rexentan establecementos abertos ao público que voluntariamente queiran participar, pasando a ser unha figura de referencia que ofrecerá apoio e información a todas aquelas persoas que o precisen.

O plan consta de dúas accións:

**1. Puntos de seguridade:** está formada polos establecementos comerciais e de servizos da localidade que desexen adherirse á rede. Empregadas e persoas que os rexentan reciben formación para saber cómo reaccionar ante un caso de violencia machista; qué recursos existen para as vítimas; folletos informativos, etc. Os locais conformarán unha rede de puntos de seguridade no que as vítimas poderán acudir e

---

<sup>3</sup> Pode consultarse na web <https://contacomigoribadumia.com/>



recoñeceranse por un distintivo que se lles debe facilitar dende o Concello.

**2. Acompañamento ás vítimas:** Consiste en dotar de formación a unha serie de persoas que voluntariamente se presten a axudar ás vítimas en procedementos de acompañamento (acompañamento aos xulgados, acompañamento psicolóxico, acompañamento como reforzo no punto de encontro para recoller aos menores e calquera outra situación na que se requira axuda) e protocolos de seguridade.

En base a todo o exposto anteriormente o grupo municipal de Xunt@s por As Pontes solicita ao pleno do Concello de As Pontes a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

**1.- Adoptar as medidas necesarias para poñer en funcionamento no Concello de As Pontes unha rede veciñal de puntos seguros contra das violencias machistas e en apoio e solidariedade coas vítimas, seguindo o modelo establecido no Concello de Ribadumia, contando sempre coa implicación e participación da veciñanza, corpos de seguridade, servizos sociais e CIM no seu desenvolvemento.**

**2.- Establecer unha partida específica para este proxecto dentro dos orzamentos para o 2019.**

**3.- Dar traslado á FEGAMP deste acordo para que promova a cooperación entre municipios e as iniciativas positivas no eido da loita contra a violencia de xénero.**

**4.- Dar traslado ao Concello de Ribadumia do presente acordo.**

As Pontes, 01 de novembro de 2018

Asd: María Chao Martínez  
Voceira Xunt@s por As Pontes

---

**AO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS PONTES**